

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
REALIZADA O DÍA 27 DE XULLO DE 2015**

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 27 de xullo de 2015.

HORA DE COMEZO: 20:36 h.

HORA DE REMATE: 20:55 h.

ASISTENTES: D. Xosé Manuel Pazos Varela (alcalde-presidente), D<sup>a</sup> Mercedes Giráldez Santos, D. Xoán Carlos Chillón Iglesias, D. Héitor Mera Herbello, D<sup>a</sup> Ángela Vizoso Marcos e D. Tomás Hermelo Álvarez.

AUSENTES: D. Mariano Abalo Costa e D. Andrés García Bastón.

SUPLENTES: D<sup>a</sup> Tania Castro Paredes.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D<sup>a</sup> Berta Alonso Soto e a interventora, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DA SESIÓN ANTERIOR  
REALIZADAS OS DÍAS 13 E 20 DE XULLO DE 2015**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar os borradores das actas das sesións anteriores da Xunta de Goberno Local, realizadas os días 13 e 20 de xullo de 2015.

**URBANISMO E PATRIMONIO**

**2º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 22 DE XULLO DE  
2015, DA XEFA DE URBANISMO S/ OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE  
OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS**

**2.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:**

2.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/a interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e construtor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.l. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os danos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa construtora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

\* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 23.548.- LICENZA MUNICIPAL Nº 23.123.- A VELÁZQUEZ INMOBILIARIA S.L., como representante M. L. I., modifícaselle a referida licenza para reformado de proxecto de básico e de execución de rehabilitación e ampliación de edificación para baixo comercial e 6 oficinas, de conformidade co proxecto do Arquitecto José Luís Domínguez González, con data de visado 21 de maio de 2.015.-

#### 2.A.2) LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DOS SEGUINTES EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 24.300.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR J. R. L. A.- A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ó respecto polo Arquitecto Municipal, con data 20 de xullo de 2015, acordou: a) outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a J. R. L. A., para vivenda, sito en Pinténs- Hío, construída o abeiro da licenza municipal 23.319.

#### 2.A.3) PARCELACIÓNS URBANÍSTICAS DOS SEGUINTES EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 25.498.- Visto o expediente de solicitude de licenza de parcelación urbanística que promove L. S. M. e os informes técnicos emitidos, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

Primeiro.- Outorgar licenza municipal de parcelación para a división en dúas parcelas netas, nº 1 de 1.664 m2 que conta cunha edificación de planta baixa e piso dedicada a vivenda unifamiliar, garaxe e edificacións restantes nunha superficie de 133 m2 e a parcela nº 2 de 430 m2 procedentes dunha finca matriz de 2.094 m2., sita en Gruncheiras - Coiro, de conformidade co proxecto presentado, de 8 de maio de 2.015, redactado polo Aparellador Álvaro Germade Portela.

Segundo.- Declarar a indivisibilidade das parcelas netas resultantes.

## 2.B) LICENZA DE OBRAS MENORES

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorgar as seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicitar o/a interesado/a que se leve a cabo esta antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos/as funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características construtivas dos cerramentos deben seren as que sinala a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

EXPEDIENTE Nº 24.636.- A M. C. F., con enderezo en Doutor Carracido 47-1ºG- Vigo, para en terreo sito en Camiño do Couso 18-B- Vilanova- Hío, levantamento dun peche de 40 m, de conformidade coa documentación presentada.

EXPEDIENTE Nº 25.516.- A V. J. R. C., con enderezo na rúa Oporto 10-6ºC- Vigo, para en Pinténs 26-B- Vilanova- Hío, construír unha piscina de 17,43 m<sup>2</sup>, de conformidade co proxecto do aparelador Antonio Arias Rodríguez, de maio de 2015.

## 2.C) DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

## OBRAS

EXPEDIENTE Nº 25.483.- A J. M. G. A., para un peche en Gruncheiras- Coiro.

EXPEDIENTE Nº 25.495.- A M. V. L., para un peche e colocación dunha pérgola en Camiño Vello de San Roque 78- Darbo.

EXPEDIENTE Nº 25.527.- A M. G. F., para unha rampla de acceso a finca en Devesa- Coiro.-

EXPEDIENTE Nº 25.536.- A C. N. C., para formación de soleira e colocación dun portal en Gandón- Aldán.

EXPEDIENTE Nº 25.538.- A S. C. R., para un peche e colocación de portais en Camiño Cañoto 34-C- Gruncheiras- Coiro.-

EXPEDIENTE Nº 25.540.- A H. I. G., para reparación dun peche en rúa da Laxe 18- Nerga- Hío.

EXPEDIENTE Nº 25.549.- A COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO ATRANCO, para reparación e pintado de paramento parcial de fachada principal, en rúa Atranco 13- Coiro.

EXPEDIENTE Nº 25.551.- A J. V. B., para reparación de cuberta da vivenda en Camiño Vello 42- San Roque- Darbo.

EXPEDIENTE Nº 25.555.- A J. N. M., para cambio de material de cubrición na vivenda en Santo Domingo 15- Coiro.

EXPEDIENTE Nº 25.557.- A M. A. A. H. A., para cambio material de cubrición na vivenda en Testada 24- Hío.

EXPEDIENTE Nº 25.559.- A E. M. G., para substitución de cuberta da vivenda existente en Cunchido de Arriba-Barreiras 20- Darbo.

EXPEDIENTE Nº 25.562.- A COMUNIDADE DE PROPIETARIOS AS XEGADAS, para reparacións de fachadas no edificio en Avda. Moaña 25- Cangas.

## **3º .- EXPEDIENTES DE DISCIPLINA URBANÍSTICA**

### 3.A) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 1/2014

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 7.4.15, referente ao expediente de infracción urbanística nº 1/2014, que é como segue:

*"PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL*

## *EXPEDIENTE Nº 1/2014*

*Concluído o expediente de protección da legalidade urbanística incoado respecto dos actos de construción que se levaron a cabo sen a preceptiva licenza municipal, no lugar de Erbello-Aldán consistentes en: realizar un cerramento e un cambio de cuberta dunha caseta, sitos a menos de 4,00 metros do eixo do camiño.*

*Sendo a resolución do expediente anteriormente citado recaída o día 22 de abril do 2014 a de considerar as obras mencionadas como ilegalizables por seren incompatibles coas determinacións urbanísticas establecidas ao respecto nas Normas Subsidiarias de Planeamento de Cangas, título V, sistema viario.*

*Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados, M<sup>a</sup> J. G. C., promotora.*

*Considerando que os feitos anteriormente expostos poden seren constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 216 da Lei 9/02, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia pode tipificarse en principio como grave segundo sinala o artigo 217.3 da mesma norma.*

*Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 6.001 a 60.000 euros, de acordo co establecido no art. 220.l.b) da referida Lei 9/02, indicándolle ó infractor que se fai efectiva a sanción no prazo de 15 días desde a súa notificación reduciráselle esta nun 30%.*

*Visto o establecido nos artigos 216 ao 223 da Lei 9/02; no Regulamento de Disciplina, así como na Lei 30/92, de 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común; e no Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado por R.d. 1398/93, do 4 de agosto, e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 228 da Lei 9/02, o artigo 10 do R.d. 1398/93 e o artigo 21 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.*

*Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*PRIMEIRO.- Iniciar procedemento sancionador por infracción urbanística polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.*

*SEGUNDO.- Nomear instrutor e secretario do expediente a Mariano Abalo Costa e á secretaria do concello, Berta Alonso Soto, respectivamente, que poderán absterse de intervir no procedemento, ou seren recusados polos interesados polas causas e na forma que determinan os artigos 28 e 29 da Lei 30/92.*

*TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador, é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, de acordo co establecido no artigo 228 da Lei 9/02, 10 do R.d. 1398/93 e artigo 21.1.k) da Lei 7/85 e Decreto de Delegación do día 16 de xuño de 2011.*

*CUARTO.- Indicar aos interesados o dereito que lles concede o artigo 8 do R.d. 1398/93 de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que de efectuar por si mesmo a demolición acordada antes da resolución do presente expediente reducirase a contía da sanción nun 80%.*

*QUINTO.- Indicar aos interesados o dereito que teñen a formular alegacións e achegar os documentos que estimen pertinentes, antes do trámite de audiencia, así como a coñecer en todo momento o estado de trámite do procedemento.*

*SEXTO.- Conceder aos interesados un prazo de quince días a contar desde o seguinte ao da notificación da presente resolución, para que achegue cantas alegacións, documentos e informacións que estime convenientes, e no seu caso, propoñan probas concretando os medios de que pretende valerse.*

*SÉTIMO.- Comunicar o acordo ao instrutor e secretario con traslado das actuacións que existan ó respecto, debendo notificar aos interesados, advertindo a estes últimos de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN, cos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do R.d. 1398/93.*

*OITAVO.- Advertir ós interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.*

*NOVENO.- Notifíquese o acordo aos interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa, e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime mais conveniente."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2-7-15, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente ao expediente sancionador por infracción urbanística nº 1/2014.

3.B) PROPOSTA DO INSTRUTOR DE EXPEDIENTE SANCIONADOR POR INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 60/2009

Dáse conta de proposta do instrutor do día 21.7.15, referente ao expediente de infracción urbanística nº 60/2009, que é como segue:

*"EXPEDIENTE SANCIONADOR POR INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 60/2009*

*PROPOSTA DE SANCIÓN PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL*

*Visto o expediente de referencia iniciado por acordo da Xunta de Goberno Local do día 9 de febreiro do 2015, resulta que:*

*ANTECEDENTES:*

*PRIMEIRO.- Por parte de L. P. Q., e segundo consta no expediente anterior de restauración da legalidade urbanística, se efectuaron no lugar de San Roque-Darbo, obras consistentes en ampliación de vivenda arrimada a lindeiro, sendo a construción de carácter ilegalizable.*

*SEGUNDO.- Iniciado expediente sancionador polas obras referida, por acordo da Xunta de Goberno Local do día 9 de febreiro de 2015, dentro do prazo outorgado para formular alegacións ou para aportar documentos e informacións, con data 10 de marzo de 2015, rexistro de entrada 2959, L. P. Q. formula alegacións ao expediente sancionador dentro do prazo conferido ao efecto nas que:*

- Alega a prescrición da infracción, invocando o disposto no artigo 218 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística que indica que as infraccións graves prescriben no prazo de 6 anos a contar desde a data de finalización das obras (aportan un certificado emitido o día 6 de marzo de 2015).*
- Solicita a suspensión do procedemento sancionador incoado en tanto non se resolva o P.O. 519/2014 en trámite no Xulgado do Contencioso nº 1 de Pontevedra no que recorren a resolución de Alcaldía na que se ordena a demolición das obras executadas sen licenza.*
- Solicita a aplicación de circunstancias atenuantes para rebaixar a sanción impostas e tipificar esta como leve.*

*Estas alegacións foron desestimadas na proposta de resolución elaborada polo instrutor do expediente do día 8 de abril de 2015, notificada á interesada o día 20 de abril concedéndolle un novo prazo de quince días para formular alegacións L. P. Q., con data 5 de maio do 2015, rexistro de entrada nº 6058, formula alegacións dentro do prazo conferido ó efecto na que alega:*

- Reitera na súa totalidade as alegacións realizadas en escrito do día 10 de marzo de 2015, sinala que as obras obxecto deste expediente consisten en 'cubrición de terraza xa existente'.*



- *Se reitera a alegación de prescripción.*
- *Faise protesta de aportar, nun prazo non superior a 20 días, acta notarial de manifestacións referentes á data na que se rematou a obra.*

#### *FUNDAMENTOS XURÍDICOS:*

*PRIMEIRO.- Alega a interesada a prescripción da infracción, esta alegación non pode ser atendida polos seguintes razoamentos:*

*Visto o artigo 208 da LOUGA: 'Os feitos constatados polo persoal funcionario da inspección e vixilancia urbanística no exercicio das competencias propias en materia de disciplina urbanística gozan de valor probatorio e presunción de veracidade, sen prexuízo das probas que en defensa dos respectivos dereitos ou intereses poidan sinalar ou achegar os administrados.'*

*Segundo o establecido no artigo 210 do citado texto legal, se tomará como data de finalización das obras a que resulte da súa efectiva comprobación pola administración actuante, sen prexuízo da súa acreditación por calquera outro medio de proba válido en dereito. A acta da inspección pola que se pon en coñecemento a realización de obras sen licenza no lugar de San Roque-Darbo consistentes en ampliación de vivenda, arrimada a lindeiro é do 5 de outubro de 2009.*

*O prazo para computar a prescripción é o establecido no artigo 218 da LOUG: 'As infraccións urbanísticas moi graves prescribirán aos quince anos, as graves aos seis anos e as leves aos dous anos, a contar desde a finalización das obras ou da actividade.'*

*As obras obxecto deste expediente están tipificadas como graves polo arquitecto municipal no seu informe de data 20 de marzo de 2014, polo que o prazo para alegar a prescripción finalizaría o 5 de outubro de 2015.*

*En virtude do disposto no artigo 132.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico e procedemento administrativo común, interromperá a prescripción a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador. O expediente sancionador incoouse o día 09.02.2015 sendo notificado á interesada o día 05.03.2015, polo que a posible prescripción foi interrompida por dito acordo.*

*Como ten declarado reiteradamente a xurisprudencia: 'a carga da proba de que transcorreu o prazo de prescripción a soporta non a Administración senón o administrado que voluntariamente se colocou nunha situación de clandestinidade na realización dunhas obras, e que por tanto creou a dificultade para o coñecemento do 'dez a quo' nese prazo, pois o principio de boa fe, na súa vertente procesal, impide que o que crea unha situación de ilegalidade poida obter vantaxe das dificultades probatorias orixinadas por esta ilegalidade (sentenza nº 308/2007 e sentenza nº 130/2009, do 5 de febreiro de 2009, ambas ditadas polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia).'*

*O certificado aportado pola interesada para acreditar a antigüidade da edificación no que F. M. L. e S. G. F. certifican o 6 de marzo de 2015, que a edificación obxecto de infracción estaba finalizada o día 15.09.2008, aparte de contar con defectos formais xa que non se trata de ningún documento orixinal nin compulsado emitido con posterioridade á data de terminación da obra non é outra cousa que un testemuña compracente ao que non cabe darlle valor probatorio como sinala a sentenza 920/2009 do TSX de Galicia.*

*SEGUNDO.- Respecto da solicitude de suspensión do procedemento sancionador incoado, en tanto non se resolva o P.O. 519/2014 en trámite no Xulgado Contencioso nº 1 de Pontevedra, no que recorren a resolución de Alcaldía na que se ordena a demolición das obras executadas sen licenza no expediente de restauración da legalidade urbanística tramitado.*

*O artigo 7.2 do Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora establece que: 'Recibida a comunicación e se se estima que existe identidade de suxeito, feito e fundamento entre a infracción administrativa e a infracción penal que puidera corresponder, o órgano competente para a resolución do procedemento acordará a súa suspensión ata que recaia resolución xudicial. O procedemento incoado non é en vía penal senón en vía administrativa polo que non opera o requisito para declarar a suspensión do procedemento sinalado nesta norma.'*

*Cómpre sinalar que a restauración do orde urbanístico vulnerado soamente ten efectos no procedemento sancionador se se leva a cabo con anterioridade á finalización deste, neste caso se aplicaríase a redución do 80% da sanción imposta. O procedemento sancionador e o de restauración da legalidade urbanística son dous procedementos independentes. Como sinala a sentenza do TSXG 652/2008, do 25 de setembro: 'aínda que o expediente en que se ditou é independente do sancionador era esixible, por motivos de obvía racionalidade, que aquel se resolvese antes ou simultaneamente que o sancionador, e así se fixo. A impugnación xurisdiccional de acordo de reposición da legalidade urbanística non impide á administración resolver o expediente sancionador, pois non hai norma ningunha que así o estableza e na medida cautelar referida só significa que as actuacións necesarias para a restauración da legalidade non poden seren levadas a cabo.'*

*TERCEIRO.- Respecto da tipificación da infracción, o arquitecto municipal reitera, no seu informe do día 19 de marzo de 2015, a tipificación da infracción como grave, tipificación que consta nos informes dos días 28 de febreiro de 2013 e 20 de marzo de 2014.*

*Infórmase que, en virtude do disposto no artigo 220 da LOUG, a sanción imposta é a mínima prevista na lei.*

*Visto que as alegacións presentadas non desvirtúan os feitos probados e que a lei dá a posibilidade aos infractores de repoñer a legalidade urbanística, para así aplicar unha redución do 80% da sanción, sempre que esta se produza antes da resolución do procedemento, polo exposto, PROPONSE:*

*PRIMEIRO.- Desestimar as alegacións presentadas o día 10 de marzo do 2015, rexistro de entrada nº 2959 e 5 de maio de 2015, rexistro de entrada 6058, por L. P. Q., ó expediente sancionador nº 60/2009-S, xa que estas non desvirtúan os feitos probados, visto os fundamentos xurídicos e técnicos exposto no corpo deste informe.*

*SEGUNDO.- Que se ten que declarar probado, sen necesidade de práctica de proba, a existencia de obras, o que constitúe unha infracción urbanística tipificada no artigo 216 da Lei 9/02, do 30 de decembro, do solo de Galicia, podendo clasificarse como grave, segundo o determina o artigo 217.3. da mesma norma citada.*

*TERCEIRO.- Que L. P. Q., na súa calidade de promotora é responsable directa da referida infracción.*

*CUARTO.- Que de acordo co establecido nos artigos 220 da Lei 9/02, e 55 do Regulamento de disciplina urbanística a entidade da infracción cometida, en canto á gravidade da materia se refire, é o suficientemente importante para graduar a sanción a impoñer na súa contía 6001 euros.*

*QUINTO.- Que de conformidade co sinalado no art. 19.2 do R.d. 1398/93, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, cabe prescindir do trámite de audiencia sinalado no apartado 1 do artigo citado.*

*Visto o Decreto da Alcaldía do día 2 de xullo de 2015, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*\* Impoñer a L. P. Q., na súa calidade de promotora unha multa sancionadora de SEIS MIL UN EUROS (6001,00 €), por infracción ao ter cometido obras no lugar de San Roque-Darbo, consistentes en realizar a ampliación de vivenda arrimada a lindeiro.*

*De conformidade coa disposición adicional 5 da Lei 9/02, do 30 de decembro, advírtese ao interesado que a presente multa reducirase na súa contía nun 30 por cento, se é pagada no prazo de quince días a partir da notificación da multa e o infractor amosa por escrito a súa conformidade con esta e renuncia expresamente ó exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar

integramente a proposta do instrutor transcrita anteriormente, referente ao expediente sancionador por infracción urbanística nº 60/2009.

## **FACENDA**

### **4º.- DAR CONTA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN "(DEPOGAP): XESTIÓN DE ACTIVOS DA PROVINCIAL DE PONTEVEDRA"**

Examinado o convenio asinado o día 15 de xullo do 2015 entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Cangas, para o desenvolvemento do proxecto "DEPOGAP: XESTIÓN DE ACTIVOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento do convenio asinado entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Cangas, para o desenvolvemento do proxecto "DEPOGAP: XESTIÓN DE ACTIVOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA".

SEGUNDO.- Dar traslado de copia do convenio de referencia ós departamentos de Urbanismo e Intervención.

## **SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE**

### **5º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE ALTAS E BAIXAS DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR**

#### **5.A) PROPOSTA DE CONCESIÓN DO S.A.F.**

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 23.7.15, relativa á alta do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

#### *"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN*

*Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a Xefatura de Servizo do Centro Municipal Social, propónselle á Xunta de Goberno Local a seguinte resolución:*

*\* Concesión do SAF de E.C.G., pola quenda de dependencia con expediente nº 36008/01/000292-P0/0011658 e de acordo aos seguintes detalles:*

#### *Prestacións:*

- Atencións de carácter persoal.*
- Atencións de carácter psicosocial.*

- *Atencións de carácter doméstico.*  
*Número de horas mensuais: 70 horas.*

*Custo total do servizo: OITOCENTOS CINCUENTA E OITO EUROS CON TRINTA E UN CÉNTIMOS (858,31 €) (12,26 €/hora).*

*A achega económica mensual da persoa usuaria, segundo a súa capacidade económica facilitada polo Órgano de Valoración de Dependencia da Xunta, sería de VINTE EUROS CON SETENTA E CINCO CÉNTIMOS (20,75 €).*

*O servizo de SAF iniciarase o 1 de agosto de 2015."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, aprobar integramente a proposta transcrita.

#### 5.B PROPOSTA DE CONCESIÓN DO S.A.F.

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 23.7.15, relativa á alta do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

#### *"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN*

*Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a Xefatura de Servizo do Centro Municipal Social, propónselle á Xunta de Goberno Local a seguinte resolución:*

*\* Concesión do SAF de J.M.M., pola quenda de dependencia con expediente nº 36008/01/001571-VI0000047471 e de acordo aos seguintes detalles:*

#### *Prestacións:*

- *Atencións de carácter persoal.*
- *Atencións de carácter psicosocial.*
- *Atencións de carácter doméstico.*

*Número de horas mensuais: 45 horas.*

*Custo total do servizo: CINCOCENTOS CINCUENTA E UN EUROS CON SETENTA E SETE CÉNTIMOS (551,77 €) (12,26 €/hora).*

*A achega económica mensual da persoa usuaria, segundo a súa capacidade económica facilitada polo Órgano de Valoración de Dependencia da Xunta, sería de CENTO TRINTA E NOVE EUROS CON DEZ CÉNTIMOS (139,10 €).*

*O servizo de SAF iniciarase o 1 de agosto de 2015."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, aprobar integramente a proposta transcrita.

#### 5.C PROPOSTA DE CONCESIÓN DO S.A.F.

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 23.7.15, relativa á ampliación do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

##### *"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN*

*Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a Xefatura de Servizo do Centro Municipal Social, propónselle á Xunta de Goberno Local a seguinte resolución:*

*\* Aprobación da ampliación do SAF de E.S.I., beneficiaría pola quenda de dependencia con expediente nº 36008/01/002295-VI0000032936 e de acordo aos seguintes detalles:*

##### *Prestacións:*

- Atencións de carácter persoal.*
- Atencións de carácter psicosocial.*
- Atencións de carácter doméstico.*

*Número de horas mensuais: 70 horas.*

*Custo total do servizo: OITOCENTOS CINCUENTA E OITO EUROS CON TRINTA E UN CÉNTIMOS (858,31€) (12,26 €/hora).*

*A achega económica mensual da persoa usuaria, segundo a súa capacidade económica facilitada polo Órgano de Valoración de Dependencia da Xunta, sería de OITENTA E TRES EUROS CON SETENTA E TRES CÉNTIMOS (83,73 €).*

*O servizo de SAF ampliarase desde o 1 de agosto de 2015."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, aprobar integramente a proposta transcrita.

**6º.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE AXUDAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA CON CARGO AO PAM-2015**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, queda informada da seguinte concesión de axudas:

#### RESOLUCIÓNS DE CONCESIÓN AXUDAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA CON CARGO AO PAM- 2015

- Aula estimulación de nenos con dificultades: 10.000,00 euros.
- Escola de pais e nais: 1.000,00 euros.
- Actividades medioambientais en praias: 10.129,27 euros.

Faise constar que para a súa xustificación, entre outra documentación, será preciso, acreditación gráfica do cumprimento da obriga de difusión da actividade subvencionada facendo constar a colaboración da Deputación a través do servizo de Cooperación.

#### **7º.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE, DE PRÓRROGA DO SERVIZO DE MONITORES/AS, PARA IMPARTIR CURSO DE PERSOAS MAIORES DURANTE O PERÍODO 2015-2016.**

Este punto da orde do día foi deixado sobre a mesa pendente de mellor estudo.

#### **CULTURA E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

#### **8º.- SOLICITUDES DE M. G. F., PRESIDENTE DA COORDINADORA DE CONFRARÍAS DA SEMANA SANTA DE CANGAS.**

##### **8.A) SOLICITUDE DE EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA E DE CARTEIS**

Vista a seguinte solicitude, presentada o día 22.6.15, polo presidente da Coordinadora de Confrarías da Semana Santa de Cangas, que indica o seguinte

*"M. G. F., presidente da Coordinadora de Confrarías da Semana Santa de Cangas, EXPÓN:*

*Que ante a celebración dunha nova exposición fotográfica e de carteis relacionados coa Semana Santa Canguesa, organizada pola Coordinadora de Confrarías, para o vindeiro mes de marzo, coincidindo cos actos culturais da Semana Santa, SOLICITA:*

*\* Dispoñer da sala de exposicións da Capela do Hospital entre os días 18 e 27 de marzo de 2016."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda autorizar á Coordinadora de Confrarías da Semana Santa de Cangas, para o uso da sala de exposicións da Capela do Hospital entre os días que van do 18 ao 27 de marzo de 2016.

## 8.B) SOLICITUDE DE EXPOSICIÓNS PARA O XXIX ENCONTRO NACIONAL DE CONFRARÍAS PENITENCIARIAS DE SEMANA SANTA

Vista a seguinte solicitude, presentada o día 22.6.15, polo presidente da Coordinadora de Confrarías da Semana Santa de Cangas, que indica o seguinte

*"M. G. F., presidente da Coordinadora de Confrarías da Semana Santa de Cangas, EXPÓN:*

*Que ante a celebración do 'XXIX Encontro Nacional de Confrarías Penitenciarias de Semana Santa', coa previsión do congreso os días 23, 24 e 25 de setembro de 2016, e as exposicións desde o día 19, SOLICITA:*

*Dispoñer de:*

*- Sala de exposicións da Capela do Hospital para exposición de filatelia e fotografías antigas coa temática da Semana Santa.*

*- Sala de exposicións da Casa da Cultura para exposición de fotografías modernas da Semana Santa.*

*- Sala de exposicións do Auditorio Municipal para exposición de pezas de arte relixioso."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda autorizar á Coordinadora de Confrarías da Semana Santa de Cangas, para as exposicións indicadas anteriormente, para os días que van desde o 19 ao 25 de setembro de 2016, con motivo do "XXIX Encontro Nacional de Confrarías Penitenciarias de Semana Santa".

## **9º.- SOLICITUDE DE P. B. F. PARA A REALIZACIÓN DE "FESTIVAL POLA LIBERDADE"**

Este punto da orde do día foi deixado sobre a mesa pendente de mellor estudo.

## **URXENCIAS**

### **ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA**

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

## **A) ESCRITO DO INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLOS/REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN PARA PARTICIPACIÓN NO**



## **PROGRAMA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANAS DO PLAN 2013-2016**

Examinado o escrito do día 22.7.15 do Instituto Galego de Vivenda e Solo, referente a requirimento de documentación para participación do Concello de Cangas no Programa de rexeneración e renovación urbanas do plan estatal 2013-2016, ao abeiro da Orde do 9.3.15 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (DOG nº 52 do 17.3.2015).

Así mesmo, comunícase o financiamento máximo previsto para o Programa de rexeneración e renovación urbanas que se propón para o Concello de Cangas e para todas as áreas de rehabilitación declaradas ou en trámite de declaración, de NOVENTA E TRES MIL OITOCENTOS SETENTA E EUROS (93.870,00 €), co seguinte financiamento anual:

ANUALIDADE 2015	37.796,04 €
ANUALIDADE 2016	56.073,96 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento do escrito do Instituto Galego de Vivenda e Solo, referente a requirimento de documentación para participación do Concello de Cangas no Programa de rexeneración e renovación urbanas do plan estatal 2013-2016, así como, do financiamento previsto para o referido programa.

SEGUNDO.- Aprobar a memoria-programa actualizada e completada, a que se refire o artigo 27.3.b) do R.d. 233/2013, do 5 de abril, así como, a ficha-resumo correspondente.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo ao Instituto Galego de Vivenda e Solo, ao Ministerio de Fomento e ao departamento de Urbanismo do Concello de Cangas.

### **B) ESCRITO DE CONSULTORA GALEGA S/RESOLUCIÓN DO CONTRATO DE CONSULTORÍA E ASISTENCIA PARA A REDACCIÓN DO PXOM DE CANGAS**

Á vista da solicitude presentada por "Consultora Galega, S.L.", de resolución do contrato de consultoría e asistencia asinado o día 20.12.2006 para a redacción do Plan Xeral da Ordenación Municipal de Cangas por mutuo acordo, realizada por M. G. L. e recibida o día 06.03.15 (Rex. entrada núm. 2777).

Visto que, como consecuencia do cambio de goberno municipal e a reorganización deste, a solicitude non foi aínda tramitada, se ben si se mantiveron conversas coa citada empresa.

Visto que o artigo 223.c) do Texto refundido da Lei de contratos do sector público aprobado por Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, e nos mesmos termos o artigo 111.c) do Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, establecen que son causas de resolución, entre outras, o mutuo acordo entre a administración e o contratista.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Incoar o procedemento para acordar, se procede, a resolución por mutuo acordo do contrato de consultoría e asistencia para a redacción do Plan Xeral da Ordenación Municipal de Cangas, o que levaría consigo, segundo o solicitado pola empresa adxudicataria, a devolución das garantías definitivas constituídas por "Consultora Galega, S.L.".

SEGUNDO.- Solicitar informe dos servizos técnicos municipais sobre a solicitude presentada pola adxudicataria de resolución do contrato.

### **ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria

Visto e praxe  
o presidente